

**CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN**

NOME DOCUMENTO:	SIAVA - Instrucións Técnicas de Cartografía	VERSIÓN:	1.7.0
COD. DOCUMENTO:			
ELABORADO POR:	Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental	DATA:	25.05.2020

REXISTRO DE CAMBIOS

Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación
1.1.0	Creación das instrucións	06.11.2013
1.2.0	Incorporación de observacións feitas polo Instituto de Estudos do Territorio	02.12.2015
1.3.0	Inclúese a categoría viario-peonil no dominio da capa de ordenación detallada. Inclúese o dominio de usos globais ou característicos para o campo uso da capa de ordenación do termo municipal.	16.12.2015
1.3.1	Inclúese o valor "mellora" no campo "estado" da capa de estrutura orgánica do territorio.	17.12.2015
1.3.2	Inclúese o valor "ar" (área recreativa) para o dominio do tipo "zvel" no campo "clase" da capa de estrutura orgánica do territorio.	26.02.2016
1.3.3	Inclúense os valores "cr" (camiño real), "send" (sendeiros e rutas de sendeirismo) para o dominio do tipo "viario" no campo "clase" da capa de estrutura orgánica do territorio.	02.03.2016
1.4.0	Modifícase a capa de estrutura orgánica do territorio: inclúense os valores "res", "pmt", "mir" no campo clase, e os valores "pl", "pt", "vi", "vs" no campo subclase.	20.04.2016
1.5.0	Adáptase o dominio de clases e categorías á Lei 2/2016 do Solo de Galicia	20.02.2017
1.5.1	Inclúese o valor 'aeroportuario' no dominio do campo 'tipo' de estrutura xeral e orgánica	21.04.2017
1.5.2	Modifícase a capa de estrutura orgánica do territorio: adscríbese a clase <i>aparcadoiros</i> ao tipo <i>viario</i> .	27.03.2018
1.5.3	Inclúese o valor 'se' no dominio do campo 'subclase' de estrutura xeral e orgánica	30.10.2018
1.5.4	Inclúense os valores de dominio para viario no campo 'tipo' da capa de ordenación detallada	08.11.2018
1.6.0	Adáptanse a estrutura de capas e dominios ao borrador do proxecto de <i>Normas técnicas de planeamento</i> que se está a tramitar de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLSG).	10.05.2019
1.6.1	Adáptanse os dominios ás <i>Normas técnicas de planeamento</i> aprobadas polo Consello da Xunta o 10 de outubro de 2019	30.10.2019
1.7.0	Revisión das instrucións con motivo da entrada en vigor das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia	25.05.2020



Instrucións técnicas sobre a información xeográfica

Estas instrucións son un conxunto de especificacións técnicas coas que se pretende normalizar algúns aspectos relativos á información cartográfica que forma parte dos plans que se entregan ao órgano ambiental no procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

É obxecto das instrucións facilitar a incorporación da cartografía do planeamento proposto ao **Sistema de Información de Avaliación Ambiental** (SIAVA) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, co cal conseguírase axilizar a súa tramitación ambiental e mellorar a súa análise.

Estas instrucións aplicaranse aos plans e programas en xeral, aos instrumentos de ordenación do territorio, así como tamén ás modificacións das figuras anteriores. No caso dos instrumentos de planeamento urbanístico a elaboración da documentación gráfica rexirase polo disposto nas normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NOTEPA, de aquí en adiante) aprobadas por Orde do 2 de outubro de 2019 (DOG Núm. 224 de 25 de novembro de 2019).

Toda a documentación de calquera plan, incluída a cartográfica, deberase entregar en formato electrónico con sinatura dixital (do/s autor/es) ou ben unha copia auténtica do orixinal (cos requisitos que establece o artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas), cun grao de detalle tal que posibilita avaliar o cumprimento dos criterios de sustentabilidade establecidos.

Con respecto á información cartográfica en formato electrónico, seguiranse as seguintes especificacións técnicas:

1. Calidade dos datos xeográficos e o sistema xeodésico de referencia

A información gráfica do plan presentarase en formato compatible con sistemas de información xeográfica (SIX).

Considéranse datos de SIX a estes efectos os datos almacenados en formato SIX cunha referenciación xeográfica ligada a un sistema de referencia de coordenadas. Non se consideran datos SIX aqueles pegados ou almacenados en arquivos sen un sistema de referencia de coordenadas, como son as composicións de mapas (layouts) nalgún dos seguintes formatos: Postscript, JPEG, TIFF, PDF, EPS, WMF, PNG, ou calquera outro formato de imaxe dixital.

O sistema de proxección a empregar será o UTM (Universal Transversal Mercator), adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989).

2. Formatos para os conxuntos de datos espaciais

Os conxuntos de datos espaciais poderán ser datos vectoriais, ráster, datos tabulares ou bases de datos espaciais.

Os datos vectoriais entregaranse no formato ESRI Shapefile (.shp). Os datos en formato ráster entregaranse preferentemente como bandas individuais, empregando o formato de arquivo Geographic Tag Image File Format (GeoTIFF). Para datos tabulares admitiranse os formatos Microsoft Excel (.xlsx), Open Office Calc (.ods) e ficheiros delimitados por comas (.csv). No Anexo I ofrécese información sobre a conversión entre formatos CAD e o ESRI Shapefile.

3. Coherencia da documentación gráfica

Os seguintes criterios de calidade gráfica serán obxecto de control na validación da documentación aportada polo promotor do plan.

3.1 Coherencia entre o contido da memoria e os planos

A información relativa a unidades de ordenación, ámbitos de planeamento, etc., contidos na memoria deberán coincidir exactamente nos planos e viceversa.



3.2 Coherencia topolóxica cos recintos definidos en planeamento de orde superior

Os recintos definidos nun plan que fagan referencia a outros plans de orde superior aprobados con anterioridade deberán ser idénticos a estes últimos, agás excepcións xustificadas.

Exemplo: nun plan xeral de ordenación municipal (PXOM), o recinto de solo rústico de protección de infraestruturas que faga referencia a un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a implantación dun gasoduto deberá ter equivalencia idéntica co ámbito do proxecto sectorial.

3.3 Coherencia topolóxica dunha capa consigo mesma

As liñas comúns entre recintos veciños deberán ser idénticas, de xeito que non pode haber ocos ou solapamentos entre recintos, agás en casos xustificadas (como por exemplo a superposición de recintos correspondentes a distintas categorías de solo rústico na ordenación dun termo municipal).

3.4 Coherencia topolóxica entre capas

Os recintos ou partes de recintos que coincidan en diferentes capas deberán ser idénticos.

Exemplo: cando exista unha zonificación establecida pola lexislación sectorial (espazos naturais protexidos, patrimonio, estradas, etc.) os límites dos recintos definidos no plan deberán coincidir cos límites establecidos na dita lexislación sectorial, agás excepcións xustificadas.

3.5 Coherencia semántica

Deberase controlar a asignación de códigos e de atributos ás diferentes entidades xeográficas, de xeito que se garanta que non haxa xeometrías con códigos que non existen no documento de planeamento ou atributos alfanuméricos que non pertencen ao dominio previsto no modelo de datos do punto 6 destas instrucións

4. Metadatos

Os datos xeográficos que se subministren deberán acompañarse dos seus respectivos metadatos nunha folla de cálculo, co fin de aportar información identificativa para a súa catalogación. Na seguinte táboa especificanse os metadatos esixidos e un exemplo cumprimentado.

Título	Zonas protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa - Zona Protexida: Zonas de produción de moluscos bivalvos e gasterópodos (PEAE)
Identificador	PHC10GC_ZPrtx_PEA_E_Moluscos
Autor	Servizo de Planificación Hidrolóxica - Augas de Galicia
Data	Xuño 2011
Tema	Planificación hidrolóxica
Descrición	Zonas de produción autorizadas conforme á Orde 8 de setembro de 2006 pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia
Propósito	Determinar as zonas de protección incluídas no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa e cumprir coas determinacións establecidas na planificación hidrolóxica da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas
Sistema de referencia e coordenadas	ETRS89. Proxección UTM. Zona 29T
Escala	1:25.000
Fonte	Zonas de produción de bivalvos - Consellería do Medio Rural e do Mar
Idioma	Galego (GI)
Período de validez	Período de vixencia do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa



5. Codificación do instrumento de planeamento

Para unha correcta identificación e organización dos instrumentos de planeamento, os arquivos en soporte dixital virán identificados coa seguinte codificación básica INE_TIP_AAAAMM_F, onde:

- a) INE é o código INE do concello (INE) no caso de planeamento de ámbito municipal. Cando o ámbito de ordenación do instrumento sexa supramunicipal ou autonómico, substituirase o código INE polo da Comunidade Autónoma ("ES11").
- b) TIP é o tipo de instrumento de planeamento, sendo o dominio posible:
 - Para os instrumentos de ordenación do territorio: DOT: Directrices de ordenación do territorio; PTI: Plan territorial integrado; PS: Plan sectorial; PRS: Proxecto sectorial; PCA: Programa coordinado de actuación; POMF: Plan de ordenación do medio físico
 - Para outros tipos de plans: PH: plan hidrolóxico; PO: plan de ordenación ; PX: plan de xestión; PC: plan de conservación; P: outro tipo de plan

No caso de que se trate dunha modificación dun destes instrumentos, a nomenclatura do tipo de instrumento (TIP) estará precedida da letra M, no caso de que se trate dunha corrección de erros estará precedida da letra C e, no caso de tratarse dun documento refundido, das letras DR. Nos tres casos, acompañase a letra co número de modificación, corrección de erros ou texto refundido de que se trate, tendo en conta que a numeración seriada do un ao nove estará precedida do número 0 segundo o seguinte formato: M01, M02, M03...

- c) AAAAMM é a data do documento achegado identificada co ano e o mes
- d) F é a identificación dos documentos segundo a fase de tramitación urbanística e ambiental á que correspondan, sendo o dominio posible: B: borrador; AI: documento aprobado inicialmente; PPDEAE: proposta do plan para a formulación da declaración ambiental estratéxica; PPMA: proposta do plan para a formulación da memoria ambiental (naqueles instrumentos que continúan a súa tramitación ao abeiro da Lei 9/2006, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente); AP: documento aprobado provisionalmente; AD: documento aprobado definitivamente.

No caso de que se acheguen sucesivas addendas do documento que se correspondan con cada unha das fases, indicárase a continuación da nomenclatura da fase (F) o número de adenda que se está remitindo. Respecto disto, a numeración seriada do un ao nove estará precedida do número 0 segundo o seguinte formato: PPDEAE01, PPDEAE02...AP01, AP02....

6. Modelo de datos dos arquivos vectoriais

Para os instrumentos de planeamento urbanístico o modelo de datos da serie de arquivos vectoriais que se deben achegar con carácter preceptivo como parte da documentación gráfica en formato editable queda regulado no anexo 3 das NOTEPA .

No caso doutros tipos de plans as capas de información cartográfica dixital serán, como mínimo, as seguintes:

6.1 Delimitación do ámbito do instrumento de planeamento

A información cartográfica dixital incluírá unha capa vectorial coa delimitación do ámbito territorial do instrumento de planeamento.

Todos os plans deberán achegar, como mínimo, esta capa vectorial.



Nome da capa	INE_TIP_AAAAMM_F_1DEL Identificarase a capa coa codificación básica, seguida da nomenclatura _1DEL	
Tipo de xeometría	Polígono	
Descrición	Delimitación do ámbito territorial afectado polo instrumento de planeamento	
Campos		
tipoplan	Texto (varchar (255))	Tipo de planeamento. Dominio de valores definido no punto 5 codificación do instrumento de planeamento.
ambito	Texto (varchar (255))	

6.2 Zonificación

Calquera plan ou programa que estableza a zonificación dun ámbito, agás o planeamento urbanístico, deberá incluír unha capa coa zonificación establecida no plan. A estrutura desta capa axustarase ás seguintes características.

Nome da capa	INE_TIP_AAAAMM_F_99ZONIF Identificarase a capa coa codificación básica, seguida da nomenclatura _99ZONIF	
Tipo de xeometría	Polígono	
Descrición	Zonificación proposta ou establecida polo plan	
Campos da táboa de atributos		
zona	Texto (varchar (255))	Cada unha das categorías de zonificación ou ordenación que se establezan ou propoñan no plan.